



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Emprazamento interesados recurso contencioso-administrativo PO 265/2025*

Pola alcaldía-presidencia o día 26 de xaneiro de 2026 ditouse a Resolución nº 37/2026, que deseguido se transcribe literalmente:

**“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**Remisión expediente administrativo ao Xulgado do contencioso-administrativo nº3 da Coruña, actual Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña, plaza núm. 3, no procedemento ordinario 265/2025. Emprazamento dos interesados. Acordos que procedan.**

**Expediente: 2025/P002/0000007**

Con data 4 de novembro de 2025, e núm. de rexistro de entrada 202500000002062, recíbese neste Concello escrito do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 da Coruña, no que se notifica que admítase a trámite o recurso contencioso administrativo, procedemento ordinario 265/2025, interposto pola Comisión Xestora do SAUR-3, Bergondo, contra a desestimación presunta por silencio administrativo do requirimento contra a inactividade da administración municipal no cumprimento da obriga legal den tramitación do Plan de sectorización do SAUR-3, A Longueira, Bergondo, polo que solicitan a remisión do expediente administrativo ao citado Xulgado e que se empace aos interesados consonte co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa; escrito reiterado o 17 de decembro de 2025, mediante escrito con núm. de rexistro 202500000002285; e ampliado o prazo de remisión do expediente mediante dilixencia de ordenación do 19.12.2025, recibida con núm. de rexistro de entrada 202600000000015 do 08.01.2026.

Logo de ver o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; en consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** A remisión do expediente administrativo ao Xulgado do contencioso administrativo nº 3 da Coruña, actual Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña, plaza núm. 3, no procedemento ordinario 265/2025, para os efectos do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

**Segundo.-** Emprazar a tódolos interesados no expediente administrativo para que poidan comparecer e persoarse en autos mediante Procurador con asistencia de Letrado ou valéndose tan só de Abogado con poder para o efecto, perante o Xulgado do contencioso administrativo nº 3 da Coruña, actual Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña, plaza núm. 3 (Rúa Capitán Juan Varela s/n, 3º andar, 15007 A Coruña) no prazo de nove días.

**Terceiro.-** Notificar a presente Resolución indicando que o prazo de nove días empeza a contar dende o seguinte ao da súa notificación e/ou publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Bergondo, 26 de xaneiro de 2026

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez